

**INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

**INFORME DE INTERVENCIÓN REF. 58/2016**  
**Proxecto de Orzamento do Concello de Lugo 2016**

De conformidade co disposto no **artigo 18 do Real-Decreto 500/90, do 20 de Abril**, en relación co **artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais**, e o artigo 4.1 g) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, o funcionario que subscribe ten a ben emitor o seguinte **INFORME** en relación co **Proxecto de Orzamento para o ano 2016**, remitido pola Alcaldía-Presidencia e Tte Alcalde delegada de Economía para a súa fiscalización e posterior sometemento á consideración da Xunta de Goberno Local (artigo 127 LBRL) e do Pleno da Corporación (artigo 123 LBRL) para a súa aprobación, se procedese, emítese o presente **INFORME**:

**PROXECTO DE PRESUPOSTOS XERAIS CONSOLIDADO DA CORPORACIÓN**  
**PARA O EXERCICIO 2016.**

Con carácter previo a análise do documento sometido a informe, sinálase que éste non ten o carácter de fiscalización, como así se deduce do artigo 4 do Real Decreto 1174/1987. A verificación que se realiza recae sobre a documentación do proxecto do Orzamento Xeral remitido á Intervención Municipal, e dos informes neste incluídos. As eventuais modificacións posteriores deberán ser obxecto de informe complementario.

En consecuencia, cómpre sinalar que o presente informe límitase a verificación formal da integración no expediente da documentación esixida na lexislación vixente en materia de facendas locais, así como a análise dos elementos esenciais que foron susceptibles de análise por esta Intervención, tendo en conta o escaso período de tempo transcurrido entre a finalización e formación completa do expediente e ás datas de obrigada convocatoria da Xunta de Goberno Local e Comisión especial de Contas, para a súa aprobación no cronograma establecido polas unidades xestoras.

O Proxecto que se presenta a informe desta Intervención, contempla os importes globais a nivel **consolidado de 90.984.675,69 euros** :

**-Presuposto de Ingresos: 90.984.675,69 euros**

**-Presuposto de Gastos: 90.984.675,69 euros**

## **INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

### **DIFERENCIA (SUPERÁVIT) Nivelado**

O Proxecto do **orzamento do Concello** é o seguinte :

**-Presuposto de Ingresos: 90.984.675,69 euros**

**-Presuposto de Gastos: 90.984.675,69 euros**

### **DIFERENCIA (SUPERÁVIT) Nivelado**

O Proxecto do estado de previsión de gastos e ingresos da **sociedade mercantil EVISLUSA**, de capital íntegro local, é o seguinte, en base á proposta remitida pola xerencia da entidade e aprobada polo consello de administración de data 04/12/2015 :

**-Previsión de Ingresos: 278.374,06 euros**

**-Presuposto de Gastos: 278.374,06 euros**

### **DIFERENCIA (SUPERÁVIT) Nivelado**

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

Entre outra normativa de aplicación , pódense destacar as seguintes normas:

### **A)Lexislación específica local:**

- *Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI do TRLHL, en materia presupostaria.*
- *Orde HAP 419/2014 de 14 de marzo de estrutura presupostaria das entidades locais.*
- *Orde HAP 1783/2013 do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo Normal, de contabilidade para a Administración Local*
- *Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro, de obligaciones de subministro de información previstas na LO 2/2012*

### **B)Lexislación supletoria de Estado:**

- *Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeneral Presupostaria*
- *Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria*
- *Lei 38/2003 ,de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrlIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

- *Lei 48/2015 de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016*
- *Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e normativa de desenvolvemento*

### C ) Normativa propia da Entidade local

- *Ordenanzas fiscais*
- *Bases de execución presupostarias*

### D ) Outros instrumentos xurídicos de aplicación.

- *Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario do Concello de Lugo e Convenio Colectivo do Persoal Laboral*

Examinada a documentación que integra o **EXPEDIENTE** (Art 166 e 168 do Real decreto legislativo 2/2004 : art 168 na redacción dada polo apartado dos da DF 1ª do RD Lei 17/2014, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais):

- ❖ -Estados de ingresos e gastos do Presupuesto Xeral Consolidado da Corporación para o exercicio 2016.
- ❖ -Estado de previsións de gastos e ingresos da sociedade mercantil EVISLUSA, anualidade 2016
- ❖ -Estado do Orzamento propio do Concello
- ❖ -Estados liquidación 2014
- ❖ -Avance da execución presupostaria do exercicio 2015 referida a 31/12/2015
- ❖ -Anexo de persoal, xuntándose informe do servizo proponente
- ❖ -Anexo de investimentos.
- ❖ -Informe económico-financieiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a evolución dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos (explicativo dos criterios aplicados polos órganos xestores na avaliación e estimación de gastos e ingresos).
- ❖ -Memoria de Alcaldía.
- ❖ -Bases de execución do Presupuesto.
- ❖ -Estado da Débeda referida a 31/12/2015 e proxección a 31/12/2016

Esta Intervención ten a ben **INFORMAR**:

En relación ás **bases utilizadas para a estimación das previsións de ingresos** por parte das unidades xestoras incluídas no **Informe económico-financieiro da Concellería delegada de Economía**, dando cumprimento ó **artigo 168.1 e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004** polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, cómpre realizar as seguintes consideracións:

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

### a) Previsión de Ingresos.

En primeiro lugar, convén resaltar que as previsión de ingresos **de natureza tributaria** baseáanse nas previsións remitidas polo **Servizo de Facenda Local** tendo en conta as seguintes consideracións:

-co carácter xeral, o mantemento dos tipos impositivos e tarifarios derivados da inexistencia de actualización de Ordenanzas Fiscais realtiva á regulación de tributos de devengo periódico

- os estados de execución orzamentaria dos distintos conceptos durante o exercicio 2015

Esta situación esixe as unidades xestoras a vixiancia da execución do orzamento que permita detectar as eventuais desviacións respecto das previsións iniciais, ó obxecto de adoptar, de ser o caso, as medidas que se estimen oportunas para o reaxuste das previsións do gasto, na procura dunha efectiva nivelación orzamentaria, evitando así que o incumprimento das expectativas propostas incida negativamente sobre as magnitudes presupostarias e financeiras e o propio equilibrio orzamentario.

Singular relevancia ten esta cuestión respecto dos seguintes conceptos :

a) No capítulo 1 aumentan as previsións globais nun 2,67% con respecto ás previsións dos estados previsionais de ingresos do exercicio precedente, en base á hipótese do Servizo de Facenda Local segundo o grao de exención mostrado polos distintos conceptos tributarios no exercicio anterior particularmente de aquelas figuras impositivas de singular relevancia cuantitativa; adecúanse as cantidades estimadas das previsións de ingresos correspondientes á cesión de rendimentos recadatorios dos impostos estatais e no Fondo Complementario de Financiamento (cap IV); estas cantidades (incluídas ás compensacións definitivas derivadas da reforma do Imposto sobre Actividades Económicas). Os importes relacionados son previsións que derivan nunha liquidación definitiva, polo que o resultado fina das entregas a conta pode desviarse da previsión inicial remitida ( así, exercicios 2008,2009 e 2013)

Por outra banda, adecúanse as previsións de determinados impostos (Incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana) á realidade de execución orzamentaria e ás propias previsións remitidas por Facenda Local en función , singularmente, das incidencias relativas á actualización de valoracións catastrais

b) O capítulo 2 de ingresos mostra un axuste relativo ( diminución nun 7,32%) nas súas previsións para 2016 respecto das do exercicio orzamentario de 2015 en aplicación das previsións remitidas polo servizo de Facenda Local, singularmente respecto do concepto impositivo 29000 ,sen prexuízo de que feitos como a aprobación definitiva do PXOM poda incidir no mantemento das liquidacións por este concepto en base á certeza xurídica que supón a aprobación do Plan, e minorando as devolucións de ingresos por inexecución de licenzas concedidas.

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

c) En relación ó capítulo de taxas, adecúanse e actualízanse as previsións de ingresos en base ás estimacións remitidas polo servizo de Facenda Local e a súa proxección para o 2016, cun aumento do 3,6% respecto das previsións de 2015. Cómpre lembrar que polo que respecta ás previsións de ingresos no concepto 30200 relativo á taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, contemplase o aumento derivado da previsión da tramitación durante o presente exercicio da modificación da OF en base ó aumento da taxa como consecuencia de la Sentencia da Sección Segunda da sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo de data 20/10/2015 dictada en Recurso para a Unificación da Doctrina núm 3696/2013, alomenos cunha vixencia durante o último semestre do exercicio por un monto aproximado de 320.000 euros, sen prexuízo de outras modificacións ; resulta por tanto necesario a tramitación dos correspondientes expedientes administrativos co obxecto de que a súa entrada en vigor sexa compatible coa previsión orzamentaria incluída no proxecto orzamentario.

Pola súa banda, respecto das previsións de ingresos de **transferencias correntes**, cómpre analizar , pola súa relevancia cuantitativa, as estimacións realtivas á **Participación nos Ingresos do Estado**: as estimacións de previsións realizadas polas unidades xestoras coinciden coa remisión da información estimativa remitida polo Ministerio de Facenda e coincidente coas contías das entregas a conta que veñen efectuándose ó longo do presente exercicio, sendo de aplicación as consideracións realizadas para os capítulos 1 e 2, figurando a previsión orzamentaria no concepto 420. Non obstante, cómpre lembrar a incidencia especialmente financeira, pero también orzamentaria, derivada da devolución co motivo das devolucións de liquidacións negativas relativas ós exercicios 2008 e 2009, e 2013, cuxo importe acumulado anual resulta ser de :

*2008 : 144.076,80 euros (devolución en 120 mensualidades)*

*2009: 589.127,16 euros (devolución en 120 mensualidades)*

*2013: 330.000 euros (devolución en 60 mensualidades)*

O resto de previsións de subvencións e transferencias correntes, se corresponden coas previsións contratadas e aportadas polos distintos servizos, tendo en conta que con carácter xeral, e en aplicación da regulación contida nas bases de execución, aféctanse ó gasto finalista ó obxecto de non dispoñer do crédito orzamentario en tanto non se formalice o compriso firme de aportación e condicionando a dispoñibilidade do gasto e, polo tanto, a execución das aplicacións de gasto obxecto do financiamento afectado, á correspondente acreditación de tales compromisos firmes de aportación. Todo isto, sen prexuízo das transferencias de natureza recorrente e periódica cuxa efectiva realización vense plasmando nas liquidacións dos últimos exercicios.

Previsións de Ingresos de capital non financeiros: No **Anexo de Inxerimentos**, acompañanse as previsións de financiamento derivado de

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

transferencias ou subvencións de capital doutras administracións, segundo as previsións remitidas polos distintos servizos e, particularmente :

A) URBAN : previsions remitidas pola responsable do Programa URBAN, en función da estimación e cronograma de actuacións que esta actuación contempla e tendo en conta a finalización a 31/12/2015 da execución de gastos con cargo ó financiamento FEDER e a necesaria terminación dos proxectos de investimentos para o cumprimento das condicións URBAN ( os investimentos deben estar en funcionamento qa fin do exercicio 2016).

B) Propostas de investimentos das distintas Areas que se entenden necesarias para o mantemento e mellora tanto das instalacións e infraestructuras municipais, como dos servizos prestados polo Concello

Con carácter xeral, tendo a consideración de gastos con financiamento afectado, a súa execución ó longo do exercicio, queda condicionada, na parte financiada con tales recursos, a súa efectividade verificada pola entrega efectiva dos recursos financeiros ou polo compromiso firme de aportación. Esta mesma consideración resulta aplicable ós créditos de investimento financiados con operacións de endebedamento, cuxas previsións de ingresos se aumentan respecto do exercicio 2015 nun 18,98%, sen prexuízo da posibilidade da tramitación dun expediente de modificación das previsións iniciais para a súa substitución por RTGX, do xeito realizado nos tres últimos exercicios, non aumentando polo tanto o nivel de débeda, e en función da evolución da liquidación do exercicio 2015.

Especialmente relevante se torna esta circunstancia no presente escenario orzamentario, á vista da estrutura de financiamento dos gastos de capital dos capítulos VI e VII do Anexos de Investimento, toda vez que a execución de gastos comprometidos vincúlanse á fontes externas de financiación, sendo así que o saldo do marxe do aforro bruto diminúe con respecto ó de exercicio anterior -en parte, consecuencia da Sentencia mencionada do TS, que, por unha banda determina a obligada imputación como gasto orzamentario do IVE deducido das actas de inspección tramitadas por Hacienda 2009-2010, e, por outra, do aumento do crédito necesario para atender as obrigas derivadas da execución do contrato vixente asumindo o IVE como gasto presupuestario-

Aos efectos do cumprimento dos criterios de identificación dos proxectos de gasto con financiamento afectado que posibiliten o seu control diferenciado, atribúense códigos de proxecto de gasto específicos que os identifiquen, singularicen e individualicen, de conformidade co establecido na Instrucción de Contabilidade do Modelo Normal.

Polo que ó **capítulo 9** se refire, contéplase como xa se estableció anteriormente, a previsión dunha operación de endebedamento para o financiamento tanto dos investimentos incluídos no Anexo de Investimentos como os gastos de transferencias de capital, por importe de 3.331.500 euros, sen prexuízo das consideracións anteriores de incoación de expedientes orzamentarios

**INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrlIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

de modificación do financiamento proposto por RTGX, en función do resultado da liquidación do exercicio 2015 e a propia vontade das unidades xestoras.

En relación ó escenario normativo aplicable á eventual concertación de operacións de endebedamento ó longo prazo, resulta da aplicacións da seguinte normativa : á Disposición Adicional 14 do Real Decreto 20/2011, que modifica o Real Decreto Lei 8/2010, e Disposición Final 31 da Lei 17/2012, e a aplicación do principio de prudencia financeira definido na Resolución de 31/07/2015 (última actualización do Anexo 1 : Resolución Dirección General del Tesoro de 29/02/2016)

**ANALISE DA DEBEDA VIVA**

<b>Débeda financeira 31/12/2015</b>	<b>Débeda financeira proxectada 31/12/2016</b>	<b>Débeda financeira 31/12/2015 <i>sen incidencia devolución PTE 2008 e 2009 e 2013</i></b>	<b>Débeda financeira 31/12/2016 <i>sen incidencia devolución PTE 2008 e 2009 e 2013</i></b>
19.843.662,51	15.961.635,57	14.433.123,01	11.624.290,19
	-Operación proxectada 2016 : 3.331.500 €		-Operación proxectada 2016 : 3.331.500 €
19.843.662,51	19.293.135,57	14.433.123,01	14.955.790,19
<b><i>Evaluación con aplicación das anteriores hipótesis</i></b>			
	<b>19.293.135,57</b>		<b>14.955.790,19</b>

**Observacións:**

-Posibilidade de tramitación expediente de modificación de provisiones de ingresos para substituir a operación de endebedamento proxectada por RTGX ( en función da evolución da liquidación de 205)

-Non se contempla incidencia ningunha sobre o saldo en base á aplicación do destino do superávit orzamentario respecto da eventual amortización anticipada de débeda segundo os estados de liquidación de 2015

**Liquidación exercicio 2014** (última aprobada : Dereitos Recoñacidos Netos Op Correntes : 83.644.454,28 euros

**Liquidación exercicio 2015** (avance liquidación 2015, pendiente aprobación) : 81.987.082,62 euros

Tendo en conta que para o Análise da débeda ós efectos de procedemento para a concertación de operacións de endebedamento **non se considera a débeda motivada polas liquidacións negativas da PIE 2008, 2009,e 2013**

**INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

**Débeda financeira a 31/12/2015 : 14.433.123,01 euros****Nova operación endebedamento proxectada 2016 : 3.331.500 euros****Total : 19.293.135,57 euros**

A efectos do límite de endebedamento respecto da autorización para a concertación da operación:

**Débeda financeira/ Dereitos liquidados op correntes 2014 : 23,07%”****Débeda financeira/ Dereitos liquidados op correntes 2015 : 23,53%**

En todo caso, constátase que son porcentaxes alonxadas dos límites do 110% (e do 75% para determinación da necesidade de autorización) do artigo 23 do Real Decreto Legislativo 2/2014

Especial relevancia como se sinalou anteriormente cobra a **estrutura orzamentaria proxectada** respecto do **financiamento dos investimentos** propostos. En términos teóricos respecto da clasificación de ingresos e gastos ordinarios e axustes realizados, obtéñense os seguintes resultados respecto dos importes de ahorro bruto presupuestario e ahorro neto presupuestario:

Cálculo Ahorro Bruto Presupuestario (€)		Cálculo Ahorro Neto Presupuestario (€)	
Previsión Ingresos Corrientes (+)	84.732.701,00	Ahorro Bruto	<b>7.107.720,34</b>
Previsión Gastos Corrientes (excluido Cap. III). (-)	77.624.980,66	Carga Financ(Cap. III y IX)	4.209.100
			<b>2.898.620,34</b>

**A estrutura de financiamento das operacións de capital (agás a amortización da débeda Cap IX) resulta ser o seguinte:**

<b>ESTADO DE GASTOS</b>		<b>ESTADO DE INGRESOS</b>	
Capítulo VI : Inversións Reais	5.722.045,22	Capítulo VI Alleamento de Inversións Reais	350.000,00
Capítulo VII : Tránsferencias de capital	3.328.549,81	Capítulo VII : Tránsferencias de capital	2.470.474,69
Capítulo VIII : Activos Financeiros	100.000,00	<b>Saldo de Recursos Propios ordinarios</b>	<b>2.898.620,34</b>



**INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

		Capítulo VIII : Activos Financeiros	100.000,00
		Capítulo 9 Pasivos Financeiros	3.331.500,00
	<b>9.150.595,03</b>		<b>9.150.595,03</b>

Finalmente, en relación ós ingresos presupostarios, e sen prexuízo das consideracións efectuadas nos anteriores parágrafos, constitúen, segundo o establecido no **artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ("...de os dereitos que se prevegan liquidar durante o correspondiente exercicio...")**, meras previsións de ingresos, a valoración da cal e a súa xustificación compete ós órganos xestores.

**b) Créditos para gastos**

No relativo á **capítulo 1** de gastos, cómpre destacar as seguintes incidencias salientables :

A remisión do expediente completo relativo ó Anexo de persoal e estados de previsión do capítulo 1 en canto a retribucións se refire, xunto cos informes correspondentes remitiéronse á este Servizo de Intervención con data 16/03/2016, avanzañse non obstante os listados por correo electrónico con anterioridade para poder incluír nos estados de consignación do proxecto de Orzamento 2016, os créditos das diversas aplicacións orzamentarias

A relación incluída no proxecto de orzamento se corresponde cos datos remitidos polo servizo de Persoal, sen que fora posible polo prazo ningunha valoración , análise nin contraste sobre tales datos, máis que os de carácter aritmético de coincidencia entre os remitidos e os consignados no orzamento.

Ante a ausencia por parte do Servizo de Persoal, de estimación do gasto relativo á coste de seguridade social aplicable ó Concello, aplícase unha estimación en torno ó 30% do gasto das retribucións brutas previstas, tendo en conta tanto a existencia de vacantes en cada Area, como a propia execución derivada da liquidación do exercicio 2015 (sen prexuízo das consideracións adicionais respecto das retribucións de natureza non periódica), diferenciando por aplicacións orzamentarias funcionais, de cara á posibilitar o cálculo do coste efectivo dos servizos, regulamentado polo artigo 1216 ter da Lei 7/1985 na súa redacción dada pola Lei 27/2013, determinando os criterios de cálculo a Orde HAP 2075/2014

Esta estimación determina a aplicación de crédito cunha diminución en términos globais respecto do exercicio anterior de 100.989,66 euros ; esto é unha diminución do 0,35% das previsións. Sen prexuízo das consideracións ó respecto que serviron de base para a estimación dos Cómpre sinalar as seguintes consideracións adicionais:

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

a) En termos de homoxeneidade, se consigna crédito orzamentario para a atención do incremento retributivo derivado de aplicación do artigo 19.2 da Lei 48/2015 de Presupostos Xerais do Estado para 2016 ( na súa porcentaxe máxima permitida do 1%), así como a previsión de devengo retributivo derivada da recuperación da paga extra e adicional do 2012 contemplada na Disposición Adicional 12 da citada lei

b) Constátase a minoración de créditos para a atención de obrigas relativas a contratacións temporais (concepto 131) e nomeamentos interinos (concepto orzamentario 143) en base á finalización e previsión dos programas temporais de emprego e obradoiros de emprego, así como as adecuacións estimativas de gasto en seguridade social, cuxo importe global ornamentado pode estimarse suficiente en base á liquidación do exercicio 2015, sen prexuízo das adecuacións esixibles tendo en conta que as retribucións derivadas de gratificacións e productividades non se estiman na súa totalidade por mor, por unha banda, da súa natureza de devengo incierto, e, por outra banda, na nula incidencia respecto das bases máximas de cotización. Así mesmo, se actualizan os créditos consignados en base ó devengo de cotizacións da paga extra e adicional do ano 2012, cuxo devengo se aplicó nese exercicio (e con independencia da súa natureza de retribución do ano 2016). Nese sentido cómpre sinalar que non figura nos listados remitidos polo Servizo de Persoal, as estimacións correspondentes de devengo de gasto en seguridade social.

Xúntase ó expediente o Anexo de Persoal de persoal funcionario e laboral elaborado e remitido polo Servizo de Persoal, tal e como se sinala no informe do Cadro de Persoal asinado pola xefa de servizo con data 14/03/2016.

No expediente remitido consta a proposta inicial do cadro de persoal sometido á Mesa negociadora xunto co informe da xefa de servizo de Persoal de data 16/02/2016, a acta da Mesa negociadora celebrada o 07/03/2016 e a proposta definitiva do cadro de Persoal ó que se xunta o informe mencionado de data 14/03/2016.

De acordo co artigo 18.1 c) del RD 500/1990, a plantilla "*debe relacionar y valorar los puestos de trabajo existentes en la misma, de forma que se dé la oportuna correlación con los créditos para personal incluidos en el Presupuesto*". Realizouse un muestreo da información económica por conceptos retributivos que presenta o Anexo de Personal para su conciliación cos créditos das aplicacións presupuestarias do estado de gastos ás que deben imputarse, non atopándose incidencias. Non obstante, a comprobación da coincidencia orzamentaria entre os créditos consignados e os propostos segundo a plantilla remitida, debe completarse con cuestión de relevancia como son as seguintes :

1. O informe xurídico do servizo de Persoal de data 14/03/2016, relativo á confección do Cadro de Persoal, límitase, con carácter xeral, a sinalar a lexislación

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

aplicable, a cuxa obrigatoria aplicación se remite esta Intervención condicionando a súa fiscalización favorable ó seu cumprimento, e sinalando unha serie de consideracións xurídicas e xurisprudenciais relativas ós documentos da plantilla, cadro de persoal e relación de postos de traballo. A tal efecto, e tendo en conta a afromación contida no informe de Persoal respecto a que *“a devandita RPT debe tener unha base na plantilla”*, debe reiterarse por esta Intervención o contido do seu informe Ref 545/2014 : *“(…)- O **cadro de persoal (incluído no Anexo de Persoal)** responde en canto a súa natureza á tradución económica da relación de postos de traballo (RPT), debéndose incluír este Anexo de Persoal (comprensivo da plantilla ) al expediente do Orzamento , en aplicación do artigo 168.1c) do RD Lexislativo 2/2004 en realción co artigo 18.1c) do RD 500/1990 ó sinalar que ó Orzamento se acompañará : “Anexo de personal de la Entidad local, en que se relacionen y valoren los puestos de trabajo existentes en la misma, de forma que se dé la oportuna correlación con los créditos para personal incluidos en el Presupuesto”.*

*Polo tanto , pode admitirse que o cadro de persoal que se incorpora ó Anexo de Persoal do expediente ten un sentido **meramente orzamentario**, trasladando ó ambito orzamentario e crediticio a valoración económica dos custes de tódolos postos*

*- Pola súa banda, as **Relacións de Postos de Traballo (RPT)** se configuran como o instrumento cabal de **xestión dos recursos humanos** da Administración, **ordenando** o citado persoal e **determinando os requisitos esixidos para o desenvolvemento das tarefas de cada posto**, con efectos, por tanto, non só económicos senón xurídicos ó comprender os postos e a súa categorización como persoal funcionario ou laboral, a denominación, descripción e características esenciais de cada posto, requisitos para o seu desempeño, funcións atribuídas, niveis de complemento de destino e/ou específicos (polo que o persoal funcionario se refire)*

*En conclusión, mientras o cadro de persoal incorporado ó Orzamento recolle a previsión de gasto crediticio que suporá a relación do todos os postos, a Relación de Postos de Traballo determina as características esenciais de cada posto en concreto así como a súa valoración a efectos retributivos. Esto é, o **cadro de persoal incorporado ó Anexo de Persoal, debe ser consecuencia da Relación de Postos de Traballo e non ó contrario**. En caso de discordancia, debiera prevalecer o establecido na RPT (sen prexuízo de que, en base á potestade de autoorganización da Administración, se decida modificar os criterios establecidos, e sen prexuízo, de ser o caso, da necesaria motivación do acordo incluíndo a referencia e relación a eventuais expedientes de provisión anteriores de prazas/postos de idéntica natureza (...))*

Neste sentido, cómpre resaltar a falta de idoneidade da plantilla orzamentaria como instrumento de planificación dos recursos humanos da organización polo seu carácter estático e vinculación co presuposto. A plantilla o que debe determinar é *“o número de funcionarios ou persoal laboral que ocupará un posto de taballo xa existente, sendo a RPT a que debe crear o posto de traballo, definirlo, determinar os requisitos para a súa forma de provisión e forma da mesma”* (STSX Asturias de 20/12/2007). Polo tanto, incumplidos que sexan os requisitos de elaboración ( e modificación ou actualización ) da RPT, prodúcese, a xuízo deste funcionario, a invalidez dos actos de aplicación, non posibilitando a modificación da plantilla unha modificación da RPT ( que debe respetar todos os requisitos procedimentais e aplicación dos criterios valorativos do posto): así se recolle na STS17/07/2012 na que se determina no seu Fundamento Xurídico 4º que *“establecida la Relación de Puestos de Trabajo como el instrumento idóneo para la modificación del contenido, valoración de complementos etc, de cada puesto de trabajo, es claro que no puede modificarse sino a través de ésta, y no por una*

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

*simple aprobación de la plantilla*", al configurarse ésta, como se dixo anteriormente, como instrumento distinto. Neste sentido debe entenderse a proposta do Tte Alcalde delegado de Persoal, por canto a aprobación dunha RPT (ou modificación da mesma), debe seguir os trámites procedimentais e legais establecidos na normativa vixente

A cuestión adquire , se cabe, maior relevancia, ó establecerse no propio informe do servizo de Persoal que *"(...) A plantilla obxecto deste informe non se axusta á distribución do persoal do Concello"*, recoñecendo o informe que figuran no Anexo de Persoal remitido modificacións e variacións no Cadro de Persoal que, aínda que non supoñan incremento económico, determina a necesidade de *"proceder , como nos demais postos que figuran na plantilla e non figuran na Relación de Postos de traballo, a unha modificación desta última por parte da Xunta de Goberno Local. Neste punto reiteramos a necesidade de modificar a Relación de Postos de Traballo e incluír todas as prazas existentes na plantilla e con dotación orzamentaria"*, (constatando a existencia de plazas en plantilla sen que exista posto na RPT) sendo así que non se acredita no informe o cumprimento do establecido no artigo 38.2 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Empleo Público de Galicia (*"3. Los presupuestos reflejarán los créditos correspondientes a las relaciones de puestos de trabajo, sin que pueda existir ningún puesto que no esté dotado presupuestariamente"*).

2. Non se pronuncia o informe sobre o cumprimento da obriga recollida no artículo 7 do Real Decreto 861/1986, respecto das porcentaxes máximas de atribución de determinados conceptos retributivos, cuestión ésta sí informada expresamente de xeito favorable no expediente do Orzamento do exercicio 2014. Cómpre lembrar igualmente as referencias reiteradas nos informes de fiscalización en relación á necesidade de adecuación do contido dos acordos reguladores das condicións do persoal á normativa vixente respecto de complementos non contemplados no artigo 1 do Real Decreto 896/1986 e artigo 93 da Lei 7/1985.

3. En relación á presupostación do posto de responsable da Area de xestión orzamentaria, cómpre lembrar a proposta conxunta desta Intervención e da titular do Órgano de xestión económico-financeira, conformada pola Tte alcalde de Economía, por mor da valoración por parte da unidade xestora dunha mellor planificación dos recursos da Area de Economía e do cumprimento dos requisitos establecidos na Lei de bases para os *"municipios de gran poboación"* : a adaptación remitida determinaría o inicio da modificación do ROMGA e posterior modificación da RPT , cadro de persoal e presuposto. De feito nos informes de fiscalización ó Parte de variacións de nóminas mensual vense engadindo a seguinte observación en base ó contido do informe de Persoal *"(...) Cómpre engadir e lembrar a consideración realizada por esta Intervención respecto da **adaptación orgánica municipal** á previsión legal contida no artigo 133.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, en relación cos artigos 134 e 136 do citado texto normativo, relativo á atribución diferenciada de tarefas ós distintos órganos técnicos, máis aínda tendo en conta a evidente insuficiencia e dispoñibilidade de*

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrlIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

*medios persoais para a atención das tarefas actualmente encomendadas a este departamento. Neste sentido, convén subliñar tanto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/01/2013, como o de data 24/04/2012 (notificado con data 15/05/2013), e que motivou a emisión do informe Intervención Ref 285/2013 de data 16/05/2013. Finalmente, cómpre sinalar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2013, polo que se realiza a atribución temporal das funcións de xestión técnica orzamentaria, á Intervención municipal, non obstante as consideracións ó respecto realizadas por esta Intervención **no punto 3** do presente informe (último parágrafo).*

*A tales efectos remitiuse ó Servizo de Persoal, a proposta conxunta da Tesorería como titular do Órgano de xestión económico Financeira e da Intervención, de data 13/06/2014, para a creación dun órgano de xestión orzamentaria e contabilidade (...)"*

4. Non consta tampoco no informe remitido polo servizo de Persoal, a análise relativa ó cumprimento dos límites establecidos na normativa relativa ó á Lei 48/2015 de Orzamentos do Estado para 2016 respecto do seu Artigo 20 ( aumento de retribucións, masa salarial : Art 103 bis Lei 7/1985 etc). En todo caso, a incidencia relativa á estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira respecto da eventual aplicación dos aumentos retributivos propostos, se analiza no informe complementario e nos informes de liquidación, verificando o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Nas bases de execución propónse ás retribucións por dedicacións exclusivas e parciais dos órganos de goberno e corporativos, mantendo a consignación orzamentaria en termos anuais derivada da estrutura proposta pola nova Corporación xuridida do proceso electoral do exercicio 2015, mantendo o número de dedicacións exclusivas e/ou parciais, sen prexuízo das adecuacións en materia de atribución de Areas de responsabilidade que as xustifican, sen que a contía consignada global derivada desta variación supoña aumento na consignación global en termos anuais da aplicación orzamentaria correspondente respecto da proposta aprobada no Pleno ( BOP 14/09/2015).

Os créditos totais do orzamento do Concello do capítulo 1 representan un 31,51 % do gasto total presupuestado ( o 31,80% en termos consolidados cos estados de previsión da entidade mercantil EVISLUSA)

En relación, o **capítulo de gastos corrientes en bienes e servizos**, por importe de 42.941.733,45 euros ( un 47,20 % do total do Orzamento de Gasto e una aumento do 6,5% respecto dos créditos consignados para o exercicio 2015) cómpre realizar as seguintes consideracións:

a) A relevante incidencia da aplicación do contido da Sentencia Sentencia da Sección Segunda da sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo de data 20/10/2015 dictada en Recurso para a Unificación da Doctrina núm 3696/2013, que motiva, por unha banda a consideración como gasto presupuestario do IVE derivado da prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbáns e o seu traslado ó centro de tratamento (entidad adjudicataria , URBASER), así como

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

o Ive derivado da prestación do servizo de tratamento (SOGAMA), que se viña considerando dende o inicio da prestación como deducible e polo tanto, sen incidencia orzamentaria, e que supón ,en termos de homoxeneidade, un aumento estimado de 640.000 euros sobre o exercicio anterior; e , por outra, a aplicación orzamentaria no exercicio 2016 do gasto derivado das actas de inspección xiradas pola administración tributaria con ocasión dos exercicios 2009-2012, por importe de 2.044.705,34 euros

b) A inclusión da estimación do gasto relativo á execución da xestión e mantemento das instalacións complexas adscritas ó ciclo integral do auga, con criterios de prudencia, e sen prexuízo da efectividade dos expedientes de determinación definitiva do modo de xestión do servizo. En calquera caso, cómpre lembrar a necesaria situación de irregularidade administrativa que motiva a sucesión de reparos de esta Intervención e que esixe a incoación pronta dos expedientes para proceder a súa subsanación.

Esta consideración aplícase ós expedientes de subministros e servizos respecto dos que a súa natureza cabal e temporalidade na prestación, esixe a elaboración de expedientes de licitación adecuados a aquela, non sendo posible a aplicación da normativa de contratos menores

c) As estimacións de subministros básicos cuxa imputación orzamentaria anual pode alterarse na súa contía por mor dos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de crédito ó imputarse ó exercicio facturas e gastos correspondentes e devengados en exercicios anteriores, e das decisións de aumento de coste polas autoridades competentes (así , a previsión de prestación de servizos museísticos)

Se aplican previsións de gasto en termos anuais en función do gasto anual estimado por parte dos servizos (singularmente polo servizo electromecánico) , sen prexuízo das alteracións e fluctuacións de prezos da enerxía.

Cómpre lembrar a relevancia da incoación de expedientes de contratación de subministros (combustible, enerxía eléctrica) e servizos (mantemento de instalacións)

d) No suposto das previsións de responsabilidade civil por procedimentos litixiosos en trámite, se consignan en función das previsións remitidas por parte da Asesoría Xurídica respecto de aqueles expedientes cuxo remate se estime para 2016 con sentenza firme, aplicando criterios de prudencia orzamentaria para a cobertura con carácter xeral das estimacións realizadas, e sen prexuízo das eventuais necesidades crediticias respecto de procedimentos complementarios ós expedientes urbanísticos de natureza expropiatoria, cuxa previsión cuantificada non remitiuse a esta Intervención.

Inclúese entre o estado de consignación de gastos, previsións para a cobertura das obrigas que eventualmente se xeren como consecuencia da execución de actuacións aprobadas polo Pleno Corporativo: así, consta unha previsión de 15.000 euros para a execución dos estudos relativos á "instalación dunha cuberta desmontable para a piscina exterior de Frigsa" -Pleno 26/11/2015 acordo 289/2015)

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

En canto o **capítulo 3, de gastos financeiros**, estímase en función do cadro de amortización que acompaña ó orzamento e sen prexuízo das eventuais amortizacións anticipadas de débeda pendentes de determinación con ocasión da liquidación do exercicio 2015 e cuantificación do superávit orzamentario. Debe lembrarse tamén a incidencia da favorable evolución do euribor ( tendo en conta a referencia á este índice respecto del cálculo das anualidades, por ser concertados a interese variable a maioría das operacións financeiras vixentes) e a modificacións das previsións iniciais de ingreso, substituíndo nos tres últimos exercicios , as previsións de endebedamento, por Remanente de Tesourería para Gastos xerais.

Esta tendencia se modularía en caso de apelación á operación de endebedamento consignada no capítulo 9, sen prexuízo de que a incidencia respecto da carga financeira se derivaría á exercicios posteriores ó plantearse a maior parte da disponibilidade efectiva do crédito no seguinte exercicio, en función da execución dos programas de investimento e da propia liquidación do exercicio 2016.

O **capítulo 4 de transferencias correntes** diminúe nun 8,52% respecto do exercicio anterior ( en parte pola finalización dos programas europeos nos que se requería a consignación de aportación e becas para os alumnos dos obradoiros e programas) , constituíndo un 6,48 % do Orzamento total, debendo sinalar que se consignan o crédito necesario para as liquidacións estimadas en termos de continuidade respecto do servizo de transporte urbano en función das últimas liquidacións aprobadas e con independencia da inexistencia da variación de crédito esixible en base á conclusión do procedemento de contratación vixente.

Con respecto ás previsións de subvencións nominativas incluídas nas bases de execución, cómpre lembrar que debe acreditarse por parte das unidades xestoras a imposibilidade de conseguir os resultados pretendidos con esta actividade de fomento mediante unha convocatoria pública. Esta circunstancia determina que a singulidade propia destas subvencións, se recolla no contido da actividade ou proxecto que se pretende financiar total ou parcialmente, de modo que teña individualidade propia no exercicio 2016, sen que a reiteración dos conceptos propostos na maioría das Areas contribúan a corroborar a antedita circunstancia.

En relación a aportación á entidade EVISLUSA , por importe total de 278.374,06 euros, poden distinguirse os seguintes apartados:

a) Encomiendas singulares previstas (consignación en capítulo 2) : 34.637,50 euros

b) Aportacións para o financiamento dos gastos de explotación derivados da actividade ordinaria da entidade (consignación en capítulo 4 ) : 240.736,56 euros

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

c) Aportación para o financiamento de investimentos de capital ( consignada no capítulo 7 de ingresos) : 3.000 euros

As consignacións anteriores se corresponden cos estados previsionais de gasto e ingreso presentada pola entidade e aprobada en Consejo de Administración do día 04/12/2015, incorporándose a certificación do acordo ó expediente presupuestario.

En relación o capítulo 5, Fondo de Continxencia, se consignan créditos por importe de 75.000 euros, un 0,18 % de los crédito para gastos do capítulo 2.

En relación ós proxectos de investimento incluídos nos capítulos VI e VII do Orzamento de Gastos, se incoporarn as propstas remitidas e valoradas polos distintos servizos, sen prexuízo de que cómpre a reiteración das consideracións realizadas por esta Intervención en canto que as consignacións de créditos con destino á execución de programas cofinanciados con ingresos afectados procedentes doutras administracións públicas (ou de calquera outro ingreso afectado, nos termos establecidos no Anexo de Investimentos), a súa posta e marcha estará condicionada ó recoñecemento do dereito ou ó compromiso de financiamento , de conformidade co establecido no artigo 43 do RD 500/1990 ou, en xeral . a efectividade do financiamento afectado. Esta afirmación resulta aplicable á tódolos proxectos de gastos cuxa efectiva execución quede condicionada ou supeditada á efectividade da fonte de financiamento que a financie, debendo adoptarse as consideracións que se estime oportunas respecto da planificación orzamentaria de exercicios sucesivos derivados dos compromisos adoptados polos órganos competentes en función da efectiva financiación que otorgue cobertura á previsión de tales gastos.

Especial relevancia cobra a determinación do capítulo 9 de gastos orzamentarios polo a que a cuantificación do crédito imputado ás distintas aplicación orzamentarias deste capítulo de gastos se refire:

- a) Estimación da amortización correspondiente ós créditos dispostos
- b) Consignación do crédito indispoñible relativo ás devolucións das liquidacións definitivas da participación nos ingresos do estado relativas ó exercicio 2008 ,2009 e 2013 de modo que non poda financiar crédito para gastos de forma efectiva (por mor da aplicación do principio de presupuesto bruto na estimación e liquidacións dos ingresos e a contabilización da devolución de ingresos indebidos nos termos establecidos pola IGAE)



**INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrlIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

**ORZAMENTO EN CIFRAS AGREGADAS.**

A cifra do total do Orzamento da propia Corporación (e o consolidado) elévase á contía de 90.984.675,69 euros, o que supón unha diminución do 2,3% respecto do orzamento aprobado para o exercicio 2015. En todo caso, as cifras e as porcentaxes por capítulos e natureza de gastos e ingresos se relacionan nos estados que acompañan o presente expediente.

En base á estrutura orzamentaria definida nos parágrafos anteriores, resulta evidente a importancia do seguimento e control orzamentario, por unha banda, na execución das previsións de ingresos ordinarios, e por outra, no condicionamento na efectividade do crédito consignado nas aplicacións orzamentarias de gasto do capítulo VI (Investimentos reais) e VII (Transferencias de Capital), á efectividade das fontes de financiamento afectado que as financian (transferencias finalistas doutras administracións públicas e operacións de endebedamento financeiro especialmente), e polo tanto, a efectividade do crédito deberá condicionarse ou supeditarse á obtención do compromiso firme de financiamento.

***TRAMITACIÓN:( art. 162 a 171 Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais)***

**O Presuposto Xeral da Entidade Local** constitúe a *expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poidan recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio; así como as previsións de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís o capital social das cales pertenza integramente á Entidade Local.*

As Entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un Presuposto Xeral no que se integrarán:

- A) O Presuposto da propia Entidade.
- B) Os dos Organismos Autónomos dependentes desta.
- C) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís o capital social das cales pertenza integramente á Entidade Local.

Cada un dos Presupostos que se integren no Presuposto Xeral da Entidade deberá aprobarse sen déficit inicial. Así mesmo, ningún dos Presupostos poderá presentar déficit ao longo do exercicio: en consecuencia todo incremento de crédito presupostario ou diminución nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

O Proxecto de Presuposto Xeral formarao o **Presidente da Entidade**, sobre a base dos Presupostos e Estados de previsión mencionados anteriormente. A este haberá de unirse a documentación sinalada no **artigo 168.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004**, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a saber:

**1. El presupuesto de la Entidad Local será formado por su Presidente y a él habrá de unirse la siguiente documentación:**

*a) Memoria explicativa de su contenido y de las principales modificaciones que presente en relación con el vigente.*

*b) Liquidación del presupuesto del ejercicio anterior y avance de la del corriente, referida, al menos, a seis meses del ejercicio corriente.*

*c) Anexo de personal de la Entidad Local.*

*d) Anexo de las inversiones a realizar en el ejercicio.*

*e) Anexo de beneficios fiscales en tributos locales conteniendo información detallada de los beneficios fiscales y su incidencia en los ingresos de cada Entidad Local.*

*f) Anexo con información relativa a los convenios suscritos con las Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación de la cuantía de las obligaciones de pago y de los derechos económicos que se deben reconocer en el ejercicio al que se refiere el presupuesto general y de las obligaciones pendientes de pago y derechos económicos pendientes de cobro, reconocidos en ejercicios anteriores, así como de la aplicación o partida presupuestaria en la que se recogen, y la referencia a que dichos convenios incluyen la cláusula de retención de recursos del sistema de financiación a la que se refiere el artículo 57 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.*

*g) Un informe económico-financiero, en el que se expongan las bases utilizadas para la evaluación de los ingresos y de las operaciones de crédito previstas, la suficiencia de los créditos para atender el cumplimiento de las obligaciones exigibles y los gastos de funcionamiento de los servicios y, en consecuencia, la efectiva nivelación del presupuesto.*

Xúntase ó expediente as **Bases de execución** orzamentarias reguladas no artigo 9 do Real Decreto 500/1990, na procura da adptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias propias da entidade. Aínda que consignado el crédito orzamentario en función das propostas de gasto, se completa co Anexo de Subvencións Nominativas, onde se reflexen os beneficiarios, importes, aplicacións orzamentairas, Cif/Nif e motivos u obxecto da subvención proposta.

## INTERVENCIÓN

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

Non se incorpora o plan cuatrienal de investimentos a que se refire o artigo 166 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (“*Los planes y programas de inversión y financiación que, para un plazo de cuatro años, podrán formular los municipios y demás entidades locales de ámbito supramunicipal*”), sen prexuízo do Decreto da Tte alcalde delegada de Economía núm 16001870 de 14/03/2015 de previsión de marcos orzamentarios para o ciclo 2017-2019.

**As fases de tramitación do Expediente Orzamentario, con carácter xeral, son as seguintes:**

- Aprobación pola Xunta de Goberno Local: O Proxecto de Orzamento Xeral deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local antes da súa elevación ó Pleno (Art. 127.1.b) Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local).
- Elevación ao Pleno da Corporación. O Proxecto de Presuposto Xeral informado polo Interventor e cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo Presidente ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación emenda ou devolución ( artigo 168.4 TRLHL e 18.4 Real Decreto 5800/1990 )
- Aprobación inicial do Presuposto polo Pleno da Corporación, polo **quórum de maioría simple** dos membros presentes. O acordo, que será único, haberá de detallar os Presupostos que integran o Presuposto Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.
- Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Provincial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno
- Resolución de todas as reclamacións presentadas. O Pleno disporá para resolvelas dun prazo dun mes
- Aprobación definitiva. O Presuposto Xeral considerarase definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición non se presentasen reclamacións; no caso contrario, requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente.
- Publicación. O Presuposto Xeral definitivamente aprobado será inserido no Boletín Oficial da Corporación, se o ten, e, resumido por capítulos de cada un dos Presupostos que o integren, no da Provincia.
- Remisión do Expediente e entrada en vigor. Do Presuposto Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia.
- Información Pública. A copia do Presuposto e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público, para os efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio

## **INTERVENCIÓN**

MRT/mrt

Refª: Z:\GrIntervencion\ARQ COMUNS\ORZAMENTO\2016\Informes\Informe

Intervención\_Orzamento 2016.doc

Asunto: Proxecto Orzamento Consolidado 2016

Segundo o **Regulamento orgánico do Concello de Lugo, artigos 97 a 100**, ó presentar o proxecto de Orzamento Xeral ó Pleno Municipal, remitiráselle á comisión competente e, simultaneamente, ós portavoces dos grupos políticos para a presentación de enmendas, ata o día hábil anterior (inclusive) a aquel no que se vaia celebrar a sesión de inicio de estudo e ditame do proxecto de Orzamento Xeral do Concello

Incorpórase ó expediente con data do presente informe, o acordo do Consello de Administración da sociedade mercantil municipal EVISLUSA de data 04/12/2015, de aprobación dos seus estados de previsión orzamentaria e financeira, xuntándose a documentación relativa á Memoria de actividades que sirven de soporte explicativo ós anteriores estados

Cuanto antecede, coas observacións, advertencias e explicacións que constan no contido deste informe, recolle o parecer do informante que se expone para a súa incorporación ó expediente tramitado e coñecemento da Xunta de Goberno Local e o Pleno do Concello, dando cumprimento ás normas de xeral aplicación que se relacionan ó principio do informe.